

## HABILITACIÓNS PARA A DOCENCIA NO ENSINO PRIVADO

Está aberto un prazo **ata o 30 de xuño de 2011** para solicitar habilitacións para os seguintes colectivos:

- Persoas **que non estaban habilitadas o día 13/03/2010** (polo que non estaban traballando nesa data nesa especialidade) e que residan en Galiza ou, non residindo, teñan unha oferta de traballo para un colexio galego nos niveis de infantil, primaria, secundaria, bacharelato ou FP.
- Docentes que estivesen traballando o día 13/03/2010 e continúen neste curso en virtude dunha **habilitación ou autorización provisional**. Este persoal, se non reúne os requisitos para unha habilitación, será habilitado só para o centro no que presta servizos coa especialidade correspondente.
- Docentes que estean impartindo **linguas estranxeiras en ESO ou bacharelato** poderán solicitar impartir excepcionalmente a ensinanza desas linguas na etapa de educación primaria sempre que sexa para o mesmo centro ou centros do mesmo titular.

Para estes colectivos abríranse novos prazos nas seguintes datas:

- do 1 ao 15 de setembro de 2011
- do 10 de xaneiro ao 31 de xaneiro de 2012
- do 1 de marzo ao 31 de marzo de 2012

## HABILITACIÓN EN FEBREIRO DE 2012 PARA TODO O PERSOAL

No mes de febreiro de 2012 abrírase un prazo para os seguintes colectivos:

- Docentes **habilitados na data 13/03/2010** (estivesen traballando ou non nesa data) para educación infantil, educación primaria, ESO, bacharelato ou FP.
- Docentes **que non precisaran solicitar habilitación no seu momento**, deben solicitala agora (agás infantil e primaria)
- Mestres que estivesen impartindo no **1º ciclo da ESO** na data 18/07/2010 e que continúen no momento da solicitude, agás causas organizativas que llelo impidan.

## PROCEDEMENTO

Debe xerarse unha instancia na aplicación **[www.edu.xunta.es/habilitacions](http://www.edu.xunta.es/habilitacions)** imprimila e entregala nun rexistro xunto a documentación requirida en cada caso, que está descrita na Orde do 3 de xuño de 2011 (DOG 13-06-2011)

Para calquera consulta ponte en contacto cos locais da CIG-Ensino.